



Fondolibros 2024 -25

ENLACE PARA A CONSULTA E PRESENTACIÓN:

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

► Prazo de presentación de solicitudes

Do 21 de maio ao 21 de xuño de 2024 (incluídos).

► Procedemento de presentación de solicitudes

(Ref. Orde art.9)

A seguinte información ten carácter orientativo.

Hai tres maneiras de presentar a solicitude:

- A) De xeito manual e presencial
- B) Con creación de solicitude na aplicación e presentación presencial
- C) Con creación de solicitude na aplicación e presentación electrónica (IMPORTANTE: Por cuestións técnicas, a presentación electrónica esixe que se presente **unha solicitude individual para cada alumno** beneficiario)



DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

1. **Solicitud** (anexo I)
2. **Anexo II** (*comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar*).
3. **Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figuren o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, ademais, deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor. Excepcionalmente, cando a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde ou non sexa posible acreditar a súa composición polos medios anteriores, poderase xustificar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia

4. **Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia** non expedido pola Administración autonómica.
5. **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.
6. **Resolución xudicial** constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
7. Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
8. Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titoras carezan de DNI e NIE.